

GALARDÓNS PARA UNHA CULTURA ▶ DOUS VALEDORES DA LINGUA E DA LITERATURA GALEGA

Un penedo, unha árbore, un lugar

EN VILALBA ▶ O escritor Agustín Fernández Paz recibe na súa vila natal a homenaxe da AELG e lembra o "agasallo maior" que lle outorgaron os seus, o idioma galego ▶ O mundo das letras arroupou onte o narrador, que lembrou o paralelismo constante que existe "entre a miña vida e o que escribo"

CRISTINA PÉREZ • VILALBA

Agustín Fernández Paz protagonizou onte en Vilalba a a XV edición da homenaxe *O escritor na súa terra*, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, na que este mestre e escritor, natural do barrio das Fontiñas, recibiu "tres agasallos, coma nos contos, un penedo, unha árbore e un espazo público".

"Honrado" pola acollida recibida, Fernández Paz lembrou a seus pais e a seus irmáns, así como aos seus parentes e aos veciños da infancia, a todos os que lles debe o que el calificou como "o agasallo maior", a lingua. O homenaxeado pediu tamén consciencia sobre "a riqueza que posuimos" e salientou o paralelismo constante "entre a miña vida e o que escribo".

Numerosas personalidades do mundo da cultura galega, amigos do escritor, veciños e representantes da corporación local quixeron arropar o escritor neste acto, co que se bautizou un parque co seu nome, no mesmo lugar polo que "os meus pés de neno percorreron unha e outra vez", plantou unha bidueira, tamén cun fondo vencello coa súa infancia vilalbesa e descubriuse un monólito escultórico co texto *As paisaxes na memoria*.

O tributo a este "artesán das palabras", como o definiu o director de Xerais, Manuel Bragado, continuou no Centro Cultural e Recreativo de Vilalba, onde máis de 150 persoas aplaudiron a entrega da Letra E a Agustín Fernández Paz, logo de recibir as gañanzas de todos os poñentes.

A intervención máis emotiva foi, precisamente a do seu "amigo" o editor Bragado, quen repasou con detalle a traxectoria profesional do homenaxeado dende o seu primeiro texto, con apenas dez anos sobre o Sputnik, na escola de Don Félix, ata o seu labor a prol da "galeguización da escola" e na renovación metodolóxica no ensino da lingua.

O alcalde vilalbés, Gerardo Criado, salientou que "Agustín transmite proximidade, sinceridade e transparencia" ao tempo que o reconeceu coma un reflexo da personalidade da Terra Chá. Tamén tivo palabras para a súa importante traxectoria no mundo pedagóxico e no narrativo o que o fixo recibir "premios moi merecidos", asegurou o rexedor municipal.

A súa defensa do idioma galego, tanto a través das súas obras como do traballo docente feito unha das notas más destaca-



Momento no que se plantou onte a bidueira en Vilalba, na homenaxe dos escritores a Agustín Fernández Paz, segundo pola dereita

PREMIO A MÁRCOS VALCÁRCEL

"A dereita galega ten moito que aprender de Pedrayo"

"Síntome moi satisfeito, moi orgulloso, e moi ledo de recibir un premio que leva o nome dun dos máis grandes escritores das letras europeas do seu tempo". Son as palabras do escritor, historiador e xornalista Marcos Valcárcel que onte recibía no Teatro Principal de Ourense o Premio Otero Pedrayo, instituído pola Xunta de Galicia e as catro deputacións provinciais. Na decisión de xurado tívose en conta a "longa traxectoria de Marcos Valcárcel como investigador, erudito e divulgador" ao que se unen "outras disciplinas como dinamizador cultural, xornalista de opinión, docente e conferenciante".

O colaborador habitual de *Galicia Hoxe* abordou no seu discurso algúns dos fitos máis destacados da figura do autor de *Arredor de si*, da que é un fondo coñecedor. Valcárcel cifrou a obra e o labor de Otero no contexto da Xeración Nós. "Aquela xeración con aquela capacidade epopeica de traballo e de esforzo foi a que tivo a ilusión e o gran compromiso de inventar unha idea de Galicia".

Autor da edición para Galaxia d' *O libro dos amigos* de Otero, Valcárcel apuntou que "é



O historiador Marcos Valcárcel canda a súa dona, onte en Ourense

chegado o momento de poñer, de verdade, de moda a Otero Pedrayo", de recuperar a súa obra e levala ao espazo público pero tamén de retomar a súa faceta de historiador, europeísta convenido, paisaxista de noso. Valcárcel foi máis alá na súa demanda: "eu atrévome hoxe a dicir aquí que Otero Pedrayo está esperando aínda pola dereita galega. Ou dito doutro xeito que a dereita galega ten moito que aprender, ten moito que coñecer a través da obra de Otero Pedrayo. Para empezar esa apelación pola fala, esa necesidade de construcción

do país sobre o seu idioma sobre a súa cultura propia, esa harmonía social que o propio Otero recomendaba como modelo de vida", dixo.

O discurso de Marcos Valcárcel, que pode ser lido no blog <http://www.asuvasnasolaina.blogspot.com>, conclúe que "Otero Pedrayo non nos deixou vias asfaltadas, nin grandes fábricas, nin grandes empresas, nin nomes de compañías nin nada semellante; ese non era o seu mundo. Pero deixounos o poder da palabra e tamén o poder indestruible da ideas". ■ REDACCIÓN

das das verbas do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, para quen o traballo de Fernández Paz axuda a "mantener a esperanza no futuro da nosa lingua".

A secretaria da entidade, Mercedes Queixas, lembrou que a do escritor foi a única candidatura para recibir esta homenaxe, unha proposta apoiada por unanimidade e avalada por "máis de 50 títulos" e pola súa "producción ininterrompida" e o seu "compromiso coa lingua galega".

A homenaxe rematou cunha comida de confraternidade no Parador de Vilalba, ainda que os recoñecementos a Agustín Fernández Paz non cesan, xa que o día 23 recollerá, en Teruel, o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, concedido polo Ministerio de Cultura pola súa obra *O único que queda é o amor*.

Dende as súas novelas primeiras, *As flores radicativas* (1990), *Cartas de inverno* (1995) e *O centro do labirinto* (1997), aos seus libros de relatos como *Contos de palabras* (1991) ou *Cos pés no aire* (1999), revelouse como un dos narradores que deixou máis fortes pegadas en milleiros de lectores e lectoras de varias xeracións.

Xa na súa madurez humana e literaria, Fernández Paz ofreceu algunas das novelas máis valoradas do noso tempo como *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002) ou *Corredores de sombra* (2006).